Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2022, queda fixado segundo se detalla.

Capítulos	Consignación antes deste expediente euros (partindo de previsión inicial).	Aumento suplemento de crédito/cred. Extraord. euros.	Total consignación resultante euros.
1.-Gastos de persoal	794.434,62	16.764,94	811.199,56
2.- Gastos bens	1.386.609,53	506.358,60	1.892.968,13
4.-Transferencias correntes	0,00	300,00	300,00
6.-Inversións reais	0,00	1.467.394,11	1.467.394,11
7.- Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00
Totais	2.181.044,15	1.990.817,65	4.171.861,80

Becerreá, 5 demaio de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1127

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 27 de abril de 2022, adoptou entre outros o acordo número 11/235 **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EXCMA. ALCALDESA AS ATRIBUCIÓNS PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS DESTE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE REDACCIÓN DE TRES PROXECTOS CONSTRUCTIVOS, DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS A MUNICIPIOS PARA A IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS E A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E SOSTIBLE DO TRANSPORTE URBANO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNION EUROPEA A TRAVÉS DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA. CODIGO DE PROXECTO 22XX00017 («NEXT GENERATION EU»).. EXP. REF. 2022/C003/000011**

«Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 4 de maio de 2022.- (sinatura dixital)CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Lavarellos Fondo.

R. 1115

Anuncio

DECRETO Nº 4786/2022 do 04/05/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a (Brigada de Zona Rural) do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018) e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 7/296 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN

Anuncio publicado en: Num BOP 106 año 2022 (10/05/2022 08:00:00)

PROPIEDADE A UNHA PRAZA ENCARGADO/A (BRIGADA DE ZONA RURAL) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Polo Decreto Nº: 5536/2021 de data 25/06/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENCARGADO/A (BRIGADA DE ZONA RURAL) do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021.

Dito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 148, do 1 de xullo de 2021, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 141, de 1 de agosto de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 216 do 9 de setembro de 2021.

Con data do 8 de outubro de 2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 9/120 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A UNHA PRAZA DE ENCARGADO/A (BRIGADA DE ZONA RURAL), PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018).

- Polo Decreto Nº 3199/2022 do 18/03/2022 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 5536/2021 de data 25/06/2021 para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a (Brigada de Zona Rural) do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018). Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo núm. 069 do 25 de marzo de 2022.

Con data do 8 de abril de 2022 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 3 de maio de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Noviembre de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

"Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. "A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos."

Terceiro.- Durante o prazo de presentación de enmendas non foi recibida ningunha solicitude de subsanación.

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal do 3 de maio de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE**:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 5536/2021 de data 25/06/2021 para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a (Brigada de Zona Rural) do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que a continuación se indica:

Anuncio publicado en: Num BOP 106 año 2022 (10/05/2022 08:00:00)

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
DARRIBA BURGO, JESÚS	***4498**
LÓPEZ IGLESIAS, ALEJANDRO MANUEL	***0950**

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
EXPÓSITO LÓPEZ, JESÚS	***5487**	Non pertencer á clase da praza convocada

Segundo.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal e baremación dos méritos alegados polos aspirantes, do seguinte xeito:

Data: 24 de maio de 2022

Hora: 16:00 horas

Lugar: Secretaría Xeral, sita na Praza Maior nº 1, 1º andar.

A data, hora e lugar de realización do primeiro exercicio será publicada xuntamente co resultado da fase de concurso deste proceso selectivo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 1116

Anuncio

DECRETO Nº 4785/2022 do 04/05/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a do Parque Móbil do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018) e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 11/280 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A UNHA PRAZA ENCARGADO/A DO PARQUE MÓBIL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Polo Decreto nº 5539/2021 do 25/06/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA ENCARGADO/A DO PARQUE MÓBIL pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018).

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 148, do 1 de xullo de 2021, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 149, de 5 de agosto de 2021. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 216 do 9 de setembro de 2021.

Con data do 8 de outubro de 2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

Anuncio publicado en: Num BOP 106 año 2022 (10/05/2022 08:00:00)